

Vínculo eterno
un fío que me leva
que me arrastra
que me axuda
que me guía

un lugar de retorno
unha volta ao coñecido
un punto de apoio
unha forma de coñecer(me)

na eternidade dunha parada
nos pasos entre as ondas
na luz efémera
na claridade que torna infinda

busco forza
un último atisbo de intención
atopo no son das ondas
a forma de seguir

na conexión
no niño do vento que provén das árbores
a chave dos meus segredos
o acubillo dos sonhos
o entendemento das palabras inefables

falar torna innecesario
sinto a vida entre os recunchos do corpo
sinto unha forma de salvación
como o último salouco
dunha loita inevitable

sinto agradecemento
defino o amor
entendo a maxia
e por fin
como unha parada no ritmo vertixinoso
dunha vida efémera
chega
da man da auga salgada
a paz